

I. DISPOSICIÓN XERAIS

XEFATURA DO ESTADO

11332 *Lei 17/2013, do 29 de outubro, para a garantía da subministración e incremento da competencia nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.*

JUAN CARLOS I

REI DE ESPAÑA

Saiban todos os que a viren e a entenderen que as Cortes Xerais aprobaron e eu sanciono a seguinte lei.

PREÁMBULO

I

Os sistemas enerxéticos insulares e extrapeninsulares presentan unha serie de singularidades respecto ao sistema peninsular, derivadas do seu tamaño, características propias, reducidas economías de escala, e no aprovisionamento de combustibles.

En particular, os sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares son obxecto dunha regulación eléctrica singular co dobre obxectivo de garantir a subministración de enerxía eléctrica e a súa calidade ao menor custo posible, tal e como dispón o artigo 12 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e a súa normativa de desenvolvemento. Porén, a configuración actual destes sistemas presenta unha serie de carencias que ameazan a seguridade de subministración e dificultan a redución dos custos das actividades destinadas á subministración de enerxía eléctrica.

Así, cómpre levar a cabo unha reforma en profundidade do marco regulatorio para estes sistemas co obxecto de reducir a vulnerabilidade asociada a eles e garantir unha maior eficiencia técnica e económica do conxunto, que redunde simultaneamente nunha mellora da seguridade da subministración.

As medidas introducidas nesta lei complementan o previsto na Lei 54/1997, do 27 de novembro, e teñen por obxecto sentar as bases para o desenvolvemento dos novos réximes retributivos que se establezan, coa finalidade de incrementar a competencia nestes sistemas e reducir os custos de xeración, así como o reforzo das ferramentas de actuación por parte da Administración ante situacións de risco.

En primeiro lugar, habilítase o Goberno para a creación de novos mecanismos retributivos para a xeración eléctrica que inclúan sinais económicos de localización para a resolución de restricións técnicas zonais. Ademais, establécese un procedemento administrativo baseado en criterios técnicos propostos polo operador do sistema e económicos que reforcen os sinais de eficiencia e no cal se consultan as administracións autonómicas afectadas en virtude do principio de lealdade institucional e colaboración entre administracións previsto no artigo 4 da Lei 30/1992, do 26 de novembro, de réxime xurídico das administracións públicas e do procedemento administrativo común.

Así mesmo, co fin de impulsar unha maior competencia e transparencia, restrínxese a participación a aqueles operadores que teñan unha posición dominante na actividade de xeración, favorecendo a entrada de novos titulares de instalacións de xeración, e prevese a creación de mecanismos concorrenciais destinados a diminuír os custos dos combustibles empregados polas centrais de xeración.

A vulnerabilidade especial dos sistemas insulares e extrapeninsulares derivada do seu illamento, unida á necesidade de lograr unha maior penetración das enerxías renovables, aconsella a introdución de medidas que reforcen o papel da operación do

sistema e a realización de estudos de novas infraestruturas para incrementar o tamaño dos sistemas.

As instalacións hidráulicas de bombeo reveláronse elementos fundamentais para dotar os sistemas eléctricos de capacidade de resposta rápida e segura, facilitando a súa xestión adecuada. Este requisito resulta especialmente necesario en sistemas illados e de reducido tamaño como son os sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.

Os sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares son especialmente vulnerables e a seguridade de subministración depende da urxente incorporación de instalacións de bombeo, para dese xeito favorecer a penetración das enerxías renovables non xestionables, que por unha parte teñen un moi favorable impacto ambiental e por outra provocan unha redución de custos nestes sistemas.

Por este motivo, e polo atraso que determinadas instalacións de bombeo viñeron acumulando, establécese que o operador do sistema será o titular das novas instalacións de bombeo cando a súa finalidade sexa ben a garantía da subministración, ben a seguridade do sistema, ben a integración de enerxías renovables non xestionables. Noutros supostos, e logo de convocatoria polo Goberno dun procedemento de concorrencia competitiva, admitirase a existencia doutros titulares logo de presentar un calendario de execución e un aval que asegure a execución das instalacións.

Por outra banda, cédese a titularidade das plantas de regasificación do arquipélago canario ao grupo empresarial de que forma parte o xestor técnico do sistema de gas natural.

En efecto, o sistema gasista español está definido na Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e foi concibido como un sistema único con diferentes puntos de entrada do gas natural para dar servizo aos diferentes puntos de subministración. Porén, tanto as plantas de regasificación como as conexións internacionais están todas en territorio peninsular e tecnicamente non poden prestar servizo aos consumidores situados no arquipélago canario, polo que ese mercado constitúe un subsistema de gas natural dentro do sistema nacional. Non é este o caso das Illes Balears, que se encontran conectadas á península mediante gasoduto e permítelles facer uso do resto das instalacións do sistema.

Deste xeito, a subministración de gas natural nos territorios insulares e extrapeninsulares debe ser obxecto dunha regulación singular que atenda ás especificidades derivadas da súa situación territorial.

A gasificación do arquipélago canario prevese mediante a construción de plantas de regasificación nas illas, as cales serán o único punto de entrada para levar o gas aos consumidores; por iso se considera que se lles debe aplicar unha regulación específica a estes que permita o desenvolvemento dun mercado competitivo do gas natural no arquipélago. Neste sentido, considérase un elemento esencial para a creación dun mercado competitivo a separación entre as actividades de xestión das redes e infraestruturas de entrada do gas e a actividade de subministración. A cesión da titularidade das plantas de regasificación ao grupo empresarial de que forma parte o xestor técnico do sistema de gas natural persegue o dito obxectivo xa que, ao estar certificado como xestor de rede de transporte, cumpre coas obrigas de separación patrimonial incluídas no artigo 63 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, e, por tanto, está garantida a súa independencia respecto da actividade de comercialización.

Adicionalmente, procederase a un estudo en profundidade para analizar a viabilidade técnica e económica do desenvolvemento de novas interconexións entre estes sistemas e entre eles coa península, e para optimizar o uso das xa existentes.

Estas medidas permitirán ademais incrementar a penetración das instalacións de produción a partir de fontes de enerxía renovable, aproveitando as favorables condicións dos recursos existentes, o que redundará nunha redución dos custos de xeración eléctrica e da dependencia exterior de combustibles fósiles e nunha mellora ambiental, xunto coas externalidades positivas que comporta o incremento da actividade económica nestas zonas, algunhas delas especialmente afectadas polo desemprego.

Por último, refórzase o papel da Administración xeral do Estado, en canto titular última da garantía e seguridade de subministración enerxética, mellorando as ferramentas de actuación por parte desta no outorgamento do réxime económico regulado das centrais e, en colaboración coas administracións autonómicas, en caso de situacións de risco para a seguridade de subministración.

Estas medidas adóptanse dada a necesidade de reducir o risco sistémico de garantía de subministración eléctrica nestes territorios e de afondar no obxectivo de eliminación dos desaxustes entre os ingresos e os custos do sistema eléctrico, en liña coas medidas adoptadas durante o ano pasado, dada a actual conxuntura económica xeral e a situación particular do sector eléctrico.

Esta redución dos custos implicará ademais unha redución das partidas con cargo aos orzamentos xerais do Estado destinadas ao financiamento do extracusto de xeración no réxime insular e extrapeninsular, en virtude do disposto na disposición adicional cuarta do Real decreto lei 9/2013, do 12 de xullo, polo que se adoptan medidas urxentes para garantir a estabilidade financeira do sistema eléctrico.

II

Os recursos de hidrocarburos non convencionais están sendo obxecto dun intenso debate social durante os últimos meses. Este debate estase producindo en diferentes países e España non é unha excepción.

Estes recursos espertan un notable interese pola súa contribución ao autoabastecemento enerxético dos países que os explotan e polo desenvolvemento económico que implican. Porén, a súa explotación preocúpalle á sociedade polo seu posible impacto ambiental.

Co obxectivo de clarificar aspectos xurídicos relacionados con técnicas de exploración e produción de hidrocarburos e de garantir a unidade de criterio en todo o territorio español, introdúcese unha disposición relacionada co réxime xurídico, en particular, faise explícita a inclusión no ámbito obxectivo da Lei 34/1998, do 7 de outubro, de determinadas técnicas habituais na industria extractiva e recoñécese o seu carácter básico, en concreto, das técnicas de fracturación hidráulica.

Así mesmo, co obxecto de avaliar os impactos sobre o ambiente dos proxectos que requiren a utilización de técnicas de fracturación hidráulica, inclúese a obriga de sometelos ao procedemento previsto na sección 1.^a do capítulo II do texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, aprobado polo Real decreto lexislativo 1/2008, do 11 de xaneiro. Por tanto, para a autorización deste tipo de proxectos exixírase unha declaración previa de impacto ambiental favorable.

Artigo 1. Réxime económico das novas instalacións de produción de enerxía eléctrica nos territorios insulares e extrapeninsulares.

1. O réxime retributivo adicional destinado á actividade de produción nos territorios insulares e extrapeninsulares previsto no artigo 12.2 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, para novas instalacións estará vinculado á non superación dos valores de potencia necesaria para asegurar a cobertura de demanda. Malia o anterior, estas instalacións poderán percibir esta retribución, aínda cando se superen os referidos valores, por razóns de seguridade de subministración ou eficiencia técnica e económica do sistema, nos termos que regulamentariamente se establezan.

2. Habilítase o Goberno para establecer mecanismos retributivos para novas instalacións de produción nos sistemas insulares e extrapeninsulares, coa finalidade de diminuír o custo de xeración. Estes mecanismos poderán incluír sinais económicos de localización para a resolución de restricións técnicas zonais.

3. Non se poderá outorgar o réxime retributivo adicional destinado á actividade de produción nos territorios insulares e extrapeninsulares previsto no artigo 12.2 nin o réxime económico primado previsto nos números 4 e 5 do artigo 30 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, a novas instalacións nos sistemas insulares e

extrapeninsulares que sexan titularidade dunha empresa ou grupo empresarial, definido segundo o establecido no artigo 42 do Código de comercio, que posúa unha porcentaxe de potencia de xeración de enerxía eléctrica superior ao 40 por cento nese sistema.

Aquelas instalacións que dispoñan da resolución de compatibilidade regulada no artigo 2 ou aquelas ás que lles fose outorgado algún dos réximes económicos previstos no artigo 30 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, e sexan transferidas a unha empresa ou grupo empresarial dos definidos no parágrafo anterior, non terán dereito á retribución adicional nin ao réxime económico primado citados e percibirán, exclusivamente, o prezo do mercado.

Quedan exceptuados da limitación regulada neste punto os investimentos de renovación e mellora da eficiencia que non supoñan aumento de capacidade que se realicen nunha central en explotación, nos termos que se establezan regulamentariamente, logo da aplicación do procedemento previsto no artigo 2 desta lei.

Así mesmo, no suposto de establecemento de calquera mecanismo de asignación de nova capacidade de produción, cando non se superen os valores de potencia necesaria para asegurar a cobertura da demanda, e cando non houber outra empresa interesada en promover instalacións, con carácter extraordinario e mediante resolución do director xeral de Política Enerxética e Minas nos termos establecidos no artigo 2 desta lei, poderáselles conceder o réxime retributivo adicional ou o réxime económico primado a novas instalacións ou á ampliación das existentes que sexan titularidade dunha empresa ou grupo empresarial que posúa unha porcentaxe de potencia de xeración de enerxía eléctrica superior ao 40 por cento nese sistema.

Artigo 2. Resolución de compatibilidade das instalacións de produción de enerxía eléctrica e renovacións das existentes nos territorios insulares e extrapeninsulares.

1. Para ter dereito ao réxime retributivo adicional destinado á actividade de produción nos territorios insulares e extrapeninsulares, previsto no artigo 12.2, ou ao réxime económico primado previsto nos números 4 e 5 do artigo 30 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, as novas instalacións de produción de enerxía eléctrica ou renovacións das existentes nos citados territorios requirirán, con carácter previo á autorización administrativa, de resolución favorable da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

Esta resolución determinará que a instalación resulta compatible cos criterios técnicos con base na información achegada polo operador do sistema e con criterios económicos para a redución efectiva dos custos das actividades de xeración, distribución e transporte de enerxía eléctrica. Para estes efectos solicitarase informe do operador do sistema e da Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia, nos cales se valorarán as vantaxes tanto técnicas como económicas que a implantación da nova instalación de xeración nesa localización achega ao sistema. Do mesmo xeito, solicitarase informe da comunidade autónoma ou cidade autónoma interesada en cada caso para que, no que puiden afectar o exercicio concreto das súas competencias, poida realizar observacións, que se farán constar na referida resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas.

Non se poderá outorgar a resolución establecida neste punto mentres non exista un marco económico vixente para as novas instalacións ou para as renovacións das existentes.

2. Aquelas instalacións que obteñan unha autorización administrativa sen a resolución favorable prevista no número anterior non terán dereito a retribución adicional nin a réxime económico primado e percibirán, exclusivamente, o prezo do mercado.

3. Malia o anterior, poderán establecerse regulamentariamente os termos consonte os cales terá lugar o outorgamento, mediante un procedemento de concorrencia, dun réxime económico ás instalacións de produción a partir de fontes de enerxía renovable, coxeración e residuos. Neste caso, cando o procedemento afecte unha soa comunidade autónoma ou cidade autónoma, solicitaráselle, unha vez aprobada, a emisión de informe sobre a convocatoria, para que, no que puiden afectar o exercicio concreto das súas competencias, poida realizar observacións, que se farán constar na resolución do procedemento.

Para as instalacións adjudicatarias deses procedementos non será necesaria a resolución de compatibilidade regulada neste artigo. Aquelas instalacións que non cumpran o previsto neste punto non terán dereito a réxime económico primado e percibirán, exclusivamente, o prezo do mercado.

4. Con carácter anual o operador do sistema remitiralle ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo un informe en que se poñan de manifesto os riscos sobre a seguridade e continuidade de subministración existentes nestes sistemas, adicionais aos inherentes á súa propia condición de sistemas illados e pequenos, tanto pola falta de potencia instalada como pola situación das redes de transporte ou distribución existentes. Así mesmo, neste informe o operador do sistema valorará técnica e economicamente as necesidades de novas instalacións de xeración por nós e as súas tecnoloxías ou outras alternativas para resolver estes riscos. Do mesmo modo, solicitaráselle á Comisión Nacional de Enerxía a valoración das propostas presentadas.

Artigo 3. Determinación dos conceptos retributivos asociados aos combustibles nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.

Nos territorios insulares e extrapeninsulares, a determinación do concepto retributivo asociado ao custo específico de combustible a que fai referencia o artigo 12.2 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, e, de ser o caso, daqueles outros vinculados a estes establecerase mediante un mecanismo que se axuste aos principios de concorrencia, transparencia, obxectividade e non discriminación.

No prazo dun mes contado desde a entrada en vigor desta lei, as empresas titulares das instalacións de produción de enerxía eléctrica nestes territorios deberán remitirle ao Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo copia da totalidade dos contratos de aprovisionamento de combustible correspondentes ás subministracións dos anos 2009, 2010, 2011 e 2012, incluíndo aqueles que estean asinados con outras empresas do mesmo grupo empresarial. Así mesmo, deberán remitir as facturas correspondentes a esas subministracións que sexan necesarias para determinar os custos de combustible.

Artigo 4. Retribución da actividade de produción de enerxía eléctrica nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares en caso de incidencias de funcionamento.

Naqueles casos en que se produza unha redución substancial da dispoñibilidade das instalacións, da seguridade da subministración ou dos índices de calidade da subministración imputables a instalacións de produción, en comparación con datos históricos, a Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas poderá, logo do trámite de audiencia e de forma motivada, minorar proporcionalmente o concepto retributivo adicional destinado á actividade de produción nos territorios insulares e extrapeninsulares a que se refire no artigo 12.2 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, nos termos que se establezan regulamentariamente, e sen prexuízo da imposición das sancións e da exixencia de responsabilidades que resulten procedentes.

Artigo 5. Titularidade das instalacións de bombeo nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.

1. Nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares as instalacións de bombeo terán como finalidades principais a garantía da subministración, a seguridade do sistema e a integración de enerxías renovables non xestionables. Nestes casos, a titularidade das instalacións de bombeo deberá corresponderlle ao operador do sistema.

2. Noutros supostos distintos aos recollidos no número anterior, a titularidade das instalacións de bombeo corresponderalle a quen resulte adjudicatario dun procedemento de concorrencia competitiva convocado nos termos que regulamentariamente se determinen por real decreto do Consello de Ministros. Para tal fin, solicitarase informe á comunidade autónoma ou cidade autónoma interesada en cada caso para que, no que

puiden afectar o exercicio concreto das súas competencias, poida realizar observacións que se farán constar na resolución do procedemento.

As instalacións de bombeo terán as mesmas limitacións de titularidade establecidas no artigo 1.3 da presente lei para as instalacións de xeración nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.

As instalacións adxudicatarias destes procedementos de concorrencia competitiva non requirirán da resolución de compatibilidade prevista no artigo 2.

3. Co fin de garantir a realización dos investimentos, o solicitante deberá presentar, xunto coa súa oferta para participar no procedemento de concorrencia competitiva a que fai referencia o número anterior, unha proposta de calendario para a construción da instalación, así como o xustificante da Caixa Xeral de Depósitos de ter presentado un aval nos termos que se establezan regulamentariamente.

O calendario de execución será aprobado conxuntamente coa resolución do procedemento, logo de informe das administracións e dos organismos afectados e coa audiencia previa ao interesado; deste xeito quedan os efectos da citada resolución condicionados ao cumprimento do calendario.

4. O incumprimento de calquera dos fitos do calendario determinará, logo do trámite de audiencia e mediante resolución motivada, a execución do aval e a declaración da imposibilidade de percepción do réxime económico previsto no artigo 12.2 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, pola empresa titular ou por calquera sociedade do grupo definido segundo o establecido no artigo 42 do Código de comercio.

Porén, o órgano competente para resolver o procedemento poderá, logo da solicitude xustificada do interesado e mediante resolución motivada, modificar en todo ou en parte os fitos do calendario cando o seu cumprimento se vexa obstaculizado como resultado da inobservancia polas administracións públicas ou, de ser o caso, polo operador do sistema dos prazos a que normativamente están suxeitos na tramitación e resolución dos distintos procedementos.

Artigo 6. *Titularidade de instalacións de regasificación nos sistemas gasistas insulares e extrapeninsulares.*

1. As instalacións de gas natural no ámbito territorial do arquipélago canario terán a consideración de subsistema de transporte de gas natural.

2. Nestes subsistemas, as instalacións de regasificación terán como finalidade garantir o acceso ao gas natural, en condicións transparentes, obxectivas e non discriminatorias, a todos os comercializadores e consumidores directos. Para tal fin, a titularidade destas instalacións corresponderalle exclusivamente ao grupo empresarial do que forma parte o xestor técnico do sistema.

3. Para estes efectos, as empresas que no momento da entrada en vigor desta lei sexan titulares destas instalacións deberán transmitilas ao grupo empresarial de que forma parte o xestor técnico do sistema, no prazo máximo de seis meses desde a súa entrada en vigor.

O prezo de compravenda de cada instalación será acordado entre as partes e estará baseado en prezos de mercado. No caso das instalacións que na data de entrada en vigor desta lei non dispoñan de acta de posta en servizo, o prezo de transferencia estará baseado nos custos en que efectivamente incorrese o transmitente ata o 1 de marzo de 2013.

Se ao chegar o final do prazo outorgado non se alcanzase un acordo, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo dirixirase á Comisión Nacional de Enerxía para que nomee un árbitro independente, que, no prazo de tres meses desde o seu nomeamento, ditará un laudo vinculante para ambas as partes no cal determinará o prezo da transmisión e establecerá un prazo non superior a dous meses para que esta se leve a efecto. Esta arbitrase quedará sometida ás regras procedementais contidas na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitrase, e os seus custos serán sufragados por metade por ambas as partes.

Mentres non se materialice a transmisión das instalacións referidas, as empresas titulares desas instalacións poderán seguir exercendo a dita actividade e seralles de aplicación para estes efectos o disposto na Lei 34/1998, do 7 de outubro.

Unha vez realizada a transmisión, o grupo empresarial de que forma parte o xestor técnico do sistema quedará subrogado en todas as autorizacións e concesións administrativas nos mesmos termos que o titular anterior, así como nos seus dereitos e obrigas.

Disposición adicional primeira. *Ordes de arranque ás instalacións de produción nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.*

1. O operador do sistema daralles instrucións de arranque-parada a aquelas instalacións de produción nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares que presenten un índice de funcionamento reducido para comprobar o seu correcto funcionamento.

2. Mediante resolución da Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas defínense os criterios polos que se considera que unha instalación ten un índice de funcionamento reducido, así como, se é o caso, as instalacións a que o operador do sistema remitirá estas instrucións e o prazo en que deberán darse estas.

3. En todo caso, sen prexuízo do disposto nos números 1 e 2, no prazo de seis meses desde a entrada en vigor desta lei, o operador do sistema deberá terlles dado instrución de arranque-parada a todos os grupos dos sistemas insulares e extrapeninsulares que, estando dispoñibles, non entrasen no despacho de xeración durante o ano 2012.

4. Ante unha instrución de arranque do operador do sistema, a instalación deberá cumprir esa instrución cunha desviación máxima do 10 por cento respecto do tempo de arranque que tivese aprobado no momento da entrada en vigor desta lei, segundo o establecido no artigo 4.3 da Orde ITC/913/2006, do 30 de marzo, pola que se aproban o método de cálculo do custo de cada un dos combustibles utilizados e o procedemento de despacho e liquidación da enerxía nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares. A instalación deberá, así mesmo, manter durante 24 horas adicionais unha potencia equivalente de, polo menos, o 60 por cento da súa potencia neta, e durante polo menos 1 hora, por instrución do operador do sistema, o 100 por cento da súa potencia neta. Tras a proba, o operador do sistema deberá remitirlles un informe de cumprimento á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas e aos órganos competentes das comunidades autónomas e cidades autónomas afectadas.

5. O incumprimento da instrución de arranque nos termos descritos no número anterior comportará a supresión da retribución por garantía de potencia.

Esta circunstancia será declarada pola Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas logo da tramitación dun procedemento que garantirá, en todo caso, a audiencia ao interesado. O prazo máximo para resolver este procedemento e notificar a súa resolución será dun ano.

No caso de que o produtor corrixa as causas que motivaron o seu incumprimento, esa instalación poderá percibir, de ser o caso, retribución por garantía de potencia ao transcorrer un prazo mínimo dun ano de supresión, logo da comprobación do cumprimento das consignas por parte do operador do sistema.

No caso de que non se solucionen as causas que motivaron o incumprimento durante o período de supresión, o produtor deberá solicitar a baixa no Rexistro Administrativo de Instalacións de Produción.

A comisión dun segundo incumprimento suporá a supresión definitiva da retribución por garantía de potencia.

Disposición adicional segunda. *Excepcións á limitación na titularidade das instalacións de produción de enerxía eléctrica nos territorios insulares e extrapeninsulares.*

As empresas titulares das instalacións que en 1 de marzo de 2013 cumpran con algún dos requisitos enumerados a continuación quedarán exceptuadas da limitación prevista no número 3 do artigo 1 para esas instalacións:

- a) Que resultasen adxudicatarias en concursos de capacidade para a implantación de instalacións de produción a partir de fontes de enerxías renovables.
- b) Que dispoñan de autorización administrativa da instalación.
- c) Que resultasen inscritas no Rexistro de Preasignación de Retribución de Instalacións de Réxime Especial.

Disposición transitoria primeira. *Resolución de compatibilidade das instalacións de produción de enerxía eléctrica nos territorios insulares e extrapeninsulares que contén con inscrición no Rexistro de Preasignación de Retribución ou con autorización administrativa.*

1. Quedan exceptuadas da aplicación do disposto no artigo 2 desta lei as instalacións de produción de enerxía eléctrica nos territorios insulares e extrapeninsulares que en 1 de marzo de 2013 contasen con inscrición no Rexistro de Preasignación de Retribución para Instalacións de Réxime Especial, aquelas que nesta data constasen inscritas no Rexistro Administrativo de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo e as instalacións de produción de enerxía eléctrica que resultasen adxudicatarias en concursos de capacidade para a implantación de instalacións de produción a partir de fontes de enerxías renovables con anterioridade ao 1 de marzo de 2013.

2. As instalacións de produción de enerxía eléctrica en réxime ordinario nos territorios insulares e extrapeninsulares que en 1 de marzo de 2013 contasen con autorización administrativa pero non estivesen inscritas no Rexistro Administrativo de Instalacións de Produción de Enerxía Eléctrica dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo requirirán da resolución favorable sinalada no artigo 2. En caso contrario, non terán dereito a recibir a retribución adicional destinada á actividade de produción nos territorios insulares e extrapeninsulares prevista no artigo 12.2 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, nin ao réxime económico primado previsto no artigo 30.5 da citada lei, e percibirán, exclusivamente, o prezo de mercado.

Para estes efectos deberán presentarlle a solicitude da resolución de compatibilidade á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas no prazo máximo dun mes, contado desde a entrada en vigor desta lei, e xuntaranlle a autorización administrativa e o anteproxecto presentado na dita tramitación.

3. Malia o anterior, aquelas instalacións das previstas no número 2 a que lles fose resolta desfavorablemente a súa solicitude de compatibilidade e que en 1 de marzo de 2013 incorresen nun desembolso económico superior ao 25 por cento do investimento total da instalación e dispuxesen das autorizacións preceptivas, poderán solicitarlle á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas, no prazo máximo dun mes contado desde a notificación desa resolución desfavorable, a indemnización do investimento executado. Á súa solicitude deberánlle xuntar copia das autorizacións preceptivas, copia do proxecto presentado na dita tramitación e documentación acreditativa do desembolso económico referido.

A indemnización da instalación basearase nos custos en que efectivamente incorrese o titular en 1 de marzo de 2013 e unicamente se poderá dar pola parte proporcional da potencia que non superase o índice de cobertura no momento da obtención da autorización administrativa.

4. De igual modo, malia o disposto no número 2, os titulares de instalacións de réxime ordinario que en 1 de marzo de 2013 dispoñan de autorización de explotación poderán solicitar a excepción da aplicación do disposto no artigo 2.

A solicitude dirixirase á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas no prazo de 20 días contados desde a entrada en vigor e achegarán coa súa solicitude a documentación acreditativa que así o asegure.

5. As instalacións de produción de enerxía eléctrica en réxime ordinario nos territorios insulares e extrapeninsulares que obtivesen autorización administrativa no período comprendido entre o 1 de marzo de 2013 e ata a entrada en vigor desta lei, e que non estivesen inscritas no Rexistro Administrativo de Instalacións de Producción de Enerxía Eléctrica dependente do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo, requirirán da resolución favorable sinalada no artigo 2. En caso contrario, non terán dereito a recibir a retribución adicional destinada á actividade de produción nos territorios insulares e extrapeninsulares prevista no artigo 12.2 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, nin ao réxime económico primado previsto no artigo 30.5 da citada lei, e percibirán, exclusivamente, o prezo de mercado.

Para estes efectos deberán presentarlle a solicitude da resolución de compatibilidade á Dirección Xeral de Política Enerxética e Minas no prazo máximo dun mes, contado desde a entrada en vigor desta lei, e xuntarlle a autorización administrativa e o anteproxecto presentado na dita tramitación. Naqueles casos en que lles fose resolta desfavorablemente a súa solicitude de compatibilidade non lles corresponderá ningunha indemnización.

Disposición transitoria segunda. *Réxime transitorio para determinadas instalacións de bombeo.*

1. As empresas que con anterioridade ao 1 de marzo de 2013 tivesen outorgada a concesión de aproveitamento hidráulico ou dispuxesen de autorización administrativa para a execución de instalacións que inclúan unha central de bombeo e que na data de entrada en vigor desta lei non dispuxesen aínda de autorización de posta en servizo, deberán presentar, no prazo máximo dun mes contado desde a entrada en vigor desta lei, a proposta de calendario para a construción da instalación e o xustificante da Caixa Xeral de Depósitos, a que se fai referencia no artigo 5.3 desta lei, por unha cantidade igual ao 10 por cento do investimento.

A proposta de calendario será aprobada por resolución do director xeral de Política Enerxética e Minas, logo do informe das administracións e organismos afectados e tras a audiencia ao interesado, no prazo máximo de dous meses contados desde a recepción da proposta.

2. O incumprimento de calquera das obrigas ou requisitos exixidos no número anterior, de calquera dos fitos do calendario ou a falta de aprobación deste por causa imputable ao interesado, determinará, logo de audiencia do interesado e mediante resolución motivada do director xeral de Política Enerxética e Minas, a execución do aval e a declaración da imposibilidade de percepción do réxime económico previsto no artigo 12.2 da Lei 54/1997, do 27 de novembro, pola empresa titular que incumpra o calendario ou por calquera sociedade do grupo definido segundo o establecido no artigo 42 do Código de comercio.

Non obstante, o director xeral de Política Enerxética e Minas poderá, logo de solicitude xustificada do interesado e mediante resolución motivada, modificar en todo ou en parte os fitos do calendario cando o seu cumprimento se vexa obstaculizado como resultado da inobservancia polas administracións públicas ou polo operador do sistema dos prazos a que normativamente están suxeitas na tramitación e resolución dos distintos procedementos.

3. Nestes casos e sempre que se considere que estas instalacións de bombeo teñen como finalidades principais a garantía da subministración, a seguridade do sistema e a integración de enerxías renovables non xestionables, o ministro de Industria, Enerxía e Turismo ditará unha orde pola que se lle impoña á empresa titular destas instalacións a obriga de transmitir ao operador do sistema, no prazo máximo de seis meses desde a súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

4. O prezo de compravenda da instalación será acordado entre as partes e estará baseado nos custos en que efectivamente incorra o transmitente ata a data da referida resolución do director xeral de Política Enerxética e Minas que determine a execución do aval e a imposibilidade de percepción do réxime económico.

Se chegado o final do prazo outorgado non se alcanzase un acordo, o Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo dirixirase á Comisión Nacional dos Mercados e da Competencia para que nomee un árbitro independente que, no prazo de tres meses desde o seu nomeamento, ditará un laudo vinculante para ambas as partes no cal determinará o prezo da transmisión e establecerá un prazo non superior a dous meses para que esta se leve a efecto. Esta arbitrase quedará sometida ás regras procedementais contidas na Lei 60/2003, do 23 de decembro, de arbitrase, e os seus custos serán sufragados por metade por ambas as partes.

5. Unha vez realizada a transmisión, o operador do sistema quedará subrogado en todas as autorizacións e concesións administrativas nos mesmos termos que o titular anterior, así como nos seus dereitos e obrigas.

6. A transmisión, de ser o caso, de calquera instalación que incorpore un bombeo deberá ser realizada exclusivamente ao operador do sistema.

Disposición derogatoria única. *Derrogación normativa.*

Quedan derogadas cantas disposicións de igual ou inferior rango se opoñan á presente lei.

Disposición derradeira primeira. *Modificación da Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico.*

Modifícase a Lei 54/1997, do 27 de novembro, do sector eléctrico, nos seguintes termos:

Un. Engádesse unha alínea d) no artigo 10.2 coa seguinte redacción:

«d) Situacións en que se produzan reducións substanciais da dispoñibilidade das instalacións de produción, transporte ou distribución ou dos índices de calidade da subministración imputables a calquera delas.»

Dous. O artigo 10.3 queda modificado nos seguintes termos:

«3. As medidas que adopte o Goberno para facer fronte ás situacións descritas no número anterior poderán referirse, entre outros, aos seguintes aspectos:

a) Limitacións ou modificacións temporais do mercado de electricidade a que se refire o capítulo I do título IV da presente lei ou do despacho de xeración existente nos sistemas eléctricos insulares e extrapeninsulares.

b) Operación directa das instalacións de xeración, transporte e distribución.

c) Establecemento de obrigas especiais en materia de existencias de seguridade de fontes primarias para a produción de enerxía eléctrica.

d) Supresión ou modificación temporal dos dereitos que para os produtores en réxime especial se establecen no capítulo II do título IV.

e) Modificación das condicións xerais de regularidade na subministración con carácter xeral ou referida a determinadas categorías de consumidores.

f) Supresión ou modificación temporal dos dereitos e garantías de acceso ás redes por terceiros.

g) Limitación ou asignación de abastecementos de enerxías primarias aos produtores de electricidade.

h) Calquera outra medida que poida ser recomendada polos organismos internacionais de que España sexa parte ou que se determinen en aplicación daqueles convenios en que participe.»

Tres. Engádesse un número 4 no artigo 66 coa seguinte redacción:

«4. A Administración xeral do Estado será competente para impor sancións cando se produzan infraccións moi graves que comprometan a seguridade de subministración.»

Catro. Modifícase o número 2 da disposición adicional primeira, que queda redactado como segue:

«2. Nos supostos anteriores, se as empresas que desenvolven actividades e funcións eléctricas o fan exclusivamente mediante instalacións cuxa autorización sexa competencia dunha comunidade autónoma, a intervención será acordada por esta, salvo que estea en risco a seguridade de subministración, neste caso será acordada polo Goberno, que llo comunicará á comunidade autónoma.»

Cinco. Modifícase o número 2 da disposición adicional décimo quinta, que queda redactado como segue:

«2. Sen prexuízo do disposto, con carácter xeral, no artigo 10 desta lei, no caso de que nos territorios insulares ou extrapeninsulares se producisen situacións de risco certo para a prestación da subministración de enerxía eléctrica ou situacións das cales poida derivar ameaza para a integridade física ou a seguridade das persoas, dos aparellos ou instalacións ou para a integridade da rede de transporte ou distribución de enerxía eléctrica, as medidas alí previstas poderán ser tamén adoptadas polas comunidades ou cidades autónomas afectadas, sempre que se restrinxan ao seu respectivo ámbito territorial. No dito suposto, tales medidas non terán repercusións económicas no sistema eléctrico, salvo que exista acordo previo do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo que así o autorice.»

Disposición derradeira segunda. *Modificación da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos.*

Engádesse un número 5 no artigo 9 da Lei 34/1998, do 7 de outubro, do sector de hidrocarburos, coa seguinte redacción:

«5. No desenvolvemento dos traballos que se van executar no marco dos títulos sinalados neste artigo poderanse aplicar métodos xeofísicos e xeoquímicos de prospección, perforación de sondaxes verticais ou desviadas con eventual aplicación de técnicas habituais na industria, entre elas, a fracturación hidráulica, a estimulación de pozo, así como técnicas de recuperación secundaria e aqueloutros métodos aéreos, mariños ou terrestres que resulten necesarios para o seu obxecto.»

Disposición derradeira terceira. *Modificación do Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos.*

Engádesse unha nova alínea e) ao anexo I, grupo 2, do texto refundido da Lei de avaliación de impacto ambiental de proxectos, aprobado polo Real decreto legislativo 1/2008, do 11 de xaneiro, coa seguinte redacción:

«e) Os proxectos consistentes na realización de perforacións para a exploración, investigación ou explotación de hidrocarburos que requiran a utilización de técnicas de fracturación hidráulica.»

Disposición derradeira cuarta. *Título competencial.*

O disposto nesta lei ten carácter básico ao ditarse ao abeiro das competencias que lle corresponden ao Estado no artigo 149.1.13.^a e 25.^a da Constitución española, que lle atribúen ao Estado a competencia exclusiva para determinar as bases e a coordinación da planificación xeral da actividade económica e as bases do réxime mineiro e enerxético, respectivamente.

Disposición derradeira quinta. *Habilitación normativa e desenvolvemento regulamentario.*

Facúltase o Goberno e o titular do Ministerio de Industria, Enerxía e Turismo para ditaren, no ámbito das súas respectivas competencias, cantas disposicións sexan necesarias para o desenvolvemento e a execución do establecido nesta lei.

Disposición derradeira sexta. *Entrada en vigor.*

Esta lei entrará en vigor o día seguinte ao da súa publicación no «Boletín Oficial del Estado».

Por tanto,
Mando a todos os españois, particulares e autoridades, que cumpran e fagan cumprir esta lei.

Madrid, 29 de outubro de 2013.

JUAN CARLOS R.

O presidente do Goberno
MARIANO RAJOY BREY